

PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Plurilingüe San Marcos.

Dirección: Agra de San Marcos, nº36, c.p.15318, Abegondo, A Coruña

Correo: ceip.san.marcos@edu.xunta.es

Páxina web: <https://ceipsanmarcos.es/>

Etapas educativas: 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Nº de alumnado: 307

Profesorado: 31

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Encontrámonos no CEIP Plurilingüe San Marcos, un centro de infantil e primaria situado na provincia galega de A Coruña, concello de Abegondo. Conta cunha poboación de 5.494 habitantes (INE, 2021). No pasado a escasa poboación compoñíase de persoas nadas na zona e dedicadas á agricultura e gandeiría. No último cuarto de século, aumentou a súa poboación ao converterse en fogar de familias que traballan na cidade de A Coruña.

O termo do concello encóntrase na cidade deportiva do Club Deportivo da Coruña e o embalse de Cecebre (refuxio temporal de aves migratorias), alimentado polos cauces dos ríos Mero e Barcés. Así, mentres que o río Mero discorre polo este facendo límite con Oza-Cesuras, o río Barcés, fai límite polo oeste con Carral, desaugando ambos en dito embalse.

Entre os elementos do patrimonio sociocultural podemos destacar diversos pazos como o Pazo de Cerca, o Pazo de San Pedro de Crendes, o Pazo de Figueroa, o Pazo de Macenda... así como tamén a Ponte de Beldoña e diversos motivos de arte relixioso como o Cruceiro Bonito en San Marcos.

Por outra banda, logo desta introdución demográfica e sociocultural, comezamos destacando que o deseño do Plan Dixital que nestas liñas se introduce, encóntrase en consoancia cos principios educativos recollidos no Proxecto Educativo, responde as súas necesidades de desenvolvemento dixital do centro. Isto é, tanto en relación ás infraestructuras, como á docencia, fomentando formas de facer máis activas, constructivas, adaptadas ao alumnado, motivantes e dixitais, nas que o uso de ferramentas dixitais supoña un andamio que apoia o desenvolvemento das capacidades expresadas nos obxectivos xerais de cada unha das etapas, así como promova a adquisición progresiva das competencias clave.

Así mesmo, o Plan Dixital non se amosa no seu deseño como algo inmóvil e independente, senón que o concebimos como algo en constante cambio e adaptado á nosa realidade de centro, así como relacionado cos equipos docentes, programas e proxectos nos que participa o centro.

Equipos docentes:

- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Equipo de Biblioteca.
- Equipo de Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Programas e Proxectos nos que participa o centro:

- Programas de Bibliotecas Escolares:
 - Radio na Biblio.
 - Biblioteca Creativa.
- Plans Proxecta:
 - Donas de si
 - Paisaxe e sustentabilidade
 - Voluntariado miúdo: Móvete!
 - Proxectos de vida activa e deportiva

Finalmente, o Plan Dixital pretende contribuír á Programación Xeral Anual do curso 22/23 dunha forma contextualizada no vindeiro Proxecto Documental Integrado. Así, partindo da nosa realidade docente e tendo en conta os resultados acadados nos informes correspondentes (SELFIE e TCDD), pretendemos mellorar no vindeiro curso na área de “Competencias dixitais” a dous niveis: alumnado e profesorado (Área de mellora que se desenvolve no Plan de Acción).

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital que se presenta amosa a súa xustificacións nos seguintes referentes legislativos:

- LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Indica no seu Art. 111 bis o marco xeral de referencia para a aplicación das TICs nas etapas educativas que escolariza o centro, promovendo dende a administración educativas e dende os equipos directivos o uso das tecnoloxías da información e a comunicación. Así mesmo, no Art.121, recóllese a importancia de recoller no Proxecto Educativo a estratéxía dixital do centro.
- Disposición adicional quinta a Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022; na que indica que os centros docentes elaborarán no curso 2021/2022 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital levouse a cabo no Equipo de Dinamización do Plan Dixital, un Grupo de Taballo no marco do PFPP “Integración das Tecnoloxías a través do Plan Dixital de Centro”, con representación docente das etapas que escolariza o centro, así como membros do Equipo Directivo; todos eles coinciden, agás na dirección, cos membros do Equipo docente das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

O proceso de deseño e elaboración, no marco do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, seguiu os pasos que se enumeran a continuación:

1. Novembro de 2021: Contacto coa persoa coordinadora do grupo ADIX A Coruña.
2. Decembro de 2021: Configuración do SELFIE e emisión do seu informe.
3. Febreiro de 2022: Realización do TEST CDD e emisión do seu informe.
4. Marzo de 2022: Valoración dos datos e análise DAFO.
5. Abril-Mario de 2022: Deseño do Plan de Acción coa definición dos obxectivos e accións.
6. Xuño de 2022: Redacción da versión 1.0 do Plan Dixital
7. Aprobación polo Consello Escolar no curso 2021-2022.
8. Implementación do Plan Dixital durante o curso 2022-2023.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral: o centro conta en liñas xerais dunha boa infraestrutura dixital dispoñendo de conexións con cable e sen fíos.
- Equipamento: aulas dixitalizadas con ordenador e pizarra dixital en todos os niveis e etapas educativas, así como ordenadores en dirección, secretaría e sala de mestres, equipamento E-Dixgal. Tamén se dispón de equipamento de radio escolar, 2 impresoras 3d, 16 iPads, 10 mBots, 5 escornabots, 1 ozobot... de uso no espazo a habilitar na nova biblioteca; material adquirido con dotacións de proxectos específicos como Radio na Biblio e Biblioteca creativa.
- Servizos dixitais: dispónse dun dominio de Google @ceipsanmarcos, con contas para profesorado, alumnado e equipos, xestionadas polo centro. Entre os servizos corporativos tamén se encontra a páxina web do centro, a aula virtual, E-Dixgal o espazo Abalar e Abalarmóbil.
- Mantemento do equipamento do centro: boa parte do material do centro, pola obsolescencia programada está a precisar da súa renovación, como lámpadas de proxectores e, sobre todo, equipos das aulas e da biblioteca. Ademais do Equipo de TICs, contase con servizo externo de mantemento para as incidencias máis técnicas e o traballo de mantemento técnico.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- Autoavaliación SELFIE

Na táboa inferior recóllese a información do resumo das áreas do informe SELFIE, indicando a media das respostas por cada grupo: Equipo Directivo, Profesorado e Alumnado.

Resumo das áreas do informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Infantil/Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.2
	Alumnado 5º-6º	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3
	Alumnado 5º-6º	3.9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.4
	Alumnado 5º-6º	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	3.6
	Alumnado 5º-6º	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	4.1
	Alumnado 5º-6º	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.5
	Alumnado 5º-6º	3.9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.8
	Alumnado 5º-6º	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.2
	Alumnado 5º-6º	4.2

- Test CDD

Do informe grupal do Test CDD emitido, compre facer referencia á información recollida nas seguintes táboas.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	23	73,9%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	3	4	75%
SUBSTITUTO	5	6	83,3%
DESPRAZADO	0	1	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
86,9	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	<u>100,5</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI.	<u>85,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	77	<u>Integrador/a (B1)</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	=	=
A2	<u>8</u>	<u>29,6%</u>
B1	<u>13</u>	<u>48,1%</u>
B2	=	=
C1	<u>5</u>	<u>18,5%</u>
C2	<u>1</u>	<u>3,7%</u>
TOTAL	<u>27</u>	<u>99,9%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do TCDD, dende o centro levouse a cabo unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitará a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Dispónse no centro dunha infraestrutura dixital que respalda os procesos educativos con tecnoloxías dixitais. - Cóntase no centro con dispositivos dixitais para uso nos procesos educativos. - Facilitase no centro o acceso a internet nos procesos educativos. - Existen no centro sistemas de protección de datos. - Cóntase no centro con dispositivos dixitais propiedade do centro e xestionados por el a disposición do alumnado. - Cóntase no centro con dispositivos portátiles que o alumnado de 5º e 6º nivel pode levar a casa. - Estanse a mellorar os espazos físicos no centro que faciliten o emprego de tecnoloxías dixitais. - Existen no centro repositorios en liña e centralización do material creado. 	
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Existe no centro diálogo sobre as vantaxas e desvantaxas da ensinanza con tecnoloxías dixitais. - Tense un plan para axudar ao profesorado a afrontar os desafíos no eido dixital. - Existe debate e toma de conciencia sobre a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo con tecnoloxías dixitais. - Axudase ao profesorado ao intercambio de experiencias sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. - O profesorado do centro busca recursos educativos dixitais en liña. - O profesorado do centro crea recursos dixitais. - O profesorado do centro emprega entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. - O profesorado do centro emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo. - O profesorado do centro emprega recursos educativos abertos. - O profesorado do centro emprega tecnoloxías adaptadas ás necesidades do seu alumnado. - O profesorado do centro emprega desenvolve actividades dixitais que fomentan a creatividade do alumnado. - O profesorado do centro realiza actividades dixitais que motivan ao alumnado. - O profesorado do centro emprega tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. - O profesorado do centro participa en proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxías dixitais. - O profesorado facilita que o alumnado empregue tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Temos que mellorar no uso de elementos con dereitos de autor e licenzas de uso. - Temos que mellorar a a avaliación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Tense que mellorar o emprego de tecnoloxías nos procesos de avaliación. - Temos que mellorar o emprego de datos dixitais sobre alumnado para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe. - Temos que mellorar a valoración das habilidades dixitais que o alumnado desenvolva fora do centro educativo.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - No centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura en internet. - No centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet. - No centro o alumnado aprende a comprobar se a información que encontra en internet é fiable e precisa. - No centro o alumnado aprende a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais. - Asegurámonos de que o alumnado desenvolve habilidades dixitais de utilidade en diferentes materias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Tense que mellorar o emprego de tecnoloxías dixitais para facilitar unha retroalimentación adecuada no alumnado. - Tense que mellorar o emprego de tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. - Tense que mellorar o emprego de tecnoloxías dixitais para que o alumnado realice observacións e comentarios constructivos sobre o traballo dos seus compañeiros/as. - Temos que mellorar que o alumnado aprenda a dar crédito ao traballo de outras persoas que encontre en internet. - Temos que mellorar que o alumnado aprenda a crear contidos dixitais. - Temos que mellorar que o alumnado aprenda a codificar e programar. - Temos que mellorar que o alumnado aprenda a resolver problemas técnicos que xurdan ao empregar as tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS		
	OFERTA		<ul style="list-style-type: none"> - Tense que mellorar a oferta de axudas ao profesorado para o emprego de tecnoloxías dixitais para fins de avaliación.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Existe apoio no centro para novas formas de ensinanza-aprendizaxe na estratexia dixital. - Emprégase no centro tecnoloxías dixitais para establecer canles e contextos de colaboración con outras organizacións. - Tense no centro medidas para a identificación e solventación de dificultades que xordan no eido dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> - Tense que mellorar a estratexia dixital - Tense que intentar involucrar a máis profesorado na estratexia dixital. - Tense que mellorar o acceso a tecnoloxías asistenciais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Contase no centro con posibilidade dun desenvolvemento profesional continuo no relativo o emprego de tecnoloxías aplicadas ao campo educativo.	- O profesorado non ten tempo para explorar a ensinanza dixital.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	- Temos no noso centro relacións de colaboración con centros, organizacións e entidades apoiando o uso de tecnoloxías dixitais. - Dispónse no centro de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.	

3. Plan de Acción

A elaboración do Plan de Acción que se desenvolve no seguinte apartado, deseñouse a partires da análise DAFO presentada no anterior bloque. Así, comezouse por tentar establecer as áreas prioritarias e determinar os obxectivos a alcanzar no vindeiro curso escolar, da man das accións a implementar durante o transcurso do mesmo.

Deste xeito, tendo en conta os resultados emitidos no Informe SELFIE, no Test CDD, e tomando como referencia a análise DAFO, formulamos obxectivos SMART que se introducen no seguinte apartado. Os obxectivos, contextualizados a áreas de mellora en relación coas áreas do DigCompOrg, amósanse acompañados das súas accións para lograr cada un deles, así como dos seus indicadores. Estes reportaránnos a información necesaria para concretar e ver ata onde imos chegar. Todo elo, acompañado dos seus responsables, temporalización e recursos necesarios.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

A continuación recóllense dúas táboas co deseño dos dous obxectivos que pretendemos alcanzar no vindeiro curso escolar. Así, tendo en conta o análise DAFO, centrámonos na área de mellora *Competencias dixitais*, a dous niveis: persoal docente e alumnado.

Por unha banda, na *Competencia dixital no persoal docente*, pretendemos mellorar a debilidade do uso de elementos con dereitos de autor, progresando e enriquecendo os nosos contidos dixitais, á par que creando novos contidos contextualizados no Proxecto Documental Integrado. De forma que non se trate de algo alleo e independente, senón que forme parte significativa do proceso de ensino-aprendizaxe, e no que todo o persoal docente e equipos poidan afondar. A creación dun banco de recursos adaptado e organizado en liña, será a confluencia do traballo dixital xerado para o alumnado.

En relación, á *Competencia dixital no alumnado*, pretendemos que aprendan a crear os seus propios contidos en diferentes linguaxes (imaxe, audio, vídeo, programación, textual...), empregando ferramentas e plataformas dixitais. Propoñeremos tamén que compartan o material creado, e aprendan a valorar o dos seus iguais. Así mesmo, esperamos que no proceso mellorem no uso responsable destas ferramentas, pois a pesares da súa idea inicial de que pensan que están a facelo de forma segura e responsable, a medida que se afonde no traballo dixital, pretendemos que esperte neles unha valoración máis crítica do uso que están a facer das novas tecnoloxías.

Área/s de mellora: H – COMPETENCIAS DIXITAIS NO PERSOAL DOCENTE

OBXECTIVO 1: (1)	MELLORAR NO USO DE ELEMENTOS CON DEREITOS DE AUTOR E LICENZAS DE USO ENTRE O PROFESORADO, PARA ELABORAR MATERIAIS E CREAR COS MESMOS UN BANCO DE RECURSOS CONTEXTUALIZADOS NO PDI E ORGANIZADOS POR NIVEIS EDUCATIVOS.	Acadado
Responsable:	PROFESORADO REPRESENTANTE DE CADA NIVEL NO GRUPO PLAN DIXITAL COA COLABORACIÓN DO NIVEL	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	<ul style="list-style-type: none"> - Manéxanse contido en diferentes formatos baixo licenzas de autor Creative Commons. - Créanse repositorios de materiais con recursos dixitais propios contextualizados no PDI para os distintos niveis educativos. 	
Valor de partida: (3)	(0) Non se manexa nin organiza para ningún nivel contido baixo licenzas Creative Commons.	
Valor previsto e data: (4)	Emprégase para o 75% dos niveis, de forma organizada e contextualizada, contido baixo licenzas Creative Commons.	Fin do 2º Trimestre

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Preparación no marco do PDI de actividades específicas onde por en práctica os indicadores mencionados.	Profesorado representante de cada nivel grupo Plan Dixital	1º Trimestre	-Ordenadores de sobremesa. -Ferramentas de autor: Genially. Quizizz, Thinglink...		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Organización na aula virtual do material elaborado no 1º trimestre, creando un repositorio documental do PDI.	Profesorado representante de cada nivel grupo Plan Dixital	2º Trimestre	-Aula virtual.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Presentación e emprego na aula do material preparado no 1º trimestre polo profesorado.	Profesorado representante de cada nivel grupo Plan Dixital	2º -3º Trimestre	-Aula virtual e Encerado Dixital.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: H – COMPETENCIAS DIXITAIS NO ALUMNADO

OBXECTIVO 2: (1)	APRENDER A CREAR CONTIDOS DIXITAIS POR PARTE DO ALUMNADO, PARA LOGO REALIZAR OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS CONSTRUCTIVOS NO TRABALLO DOS IGAUIS E ACTUAR DURANTE O PROCESO DO MANEIRA CRÍTICA, SEGURA E RESPONSABLE EN INTERNET.	Acadado
Responsable:	PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	<ul style="list-style-type: none"> - Créase contido dixital contrastando a orixe, veracidade e fiabilidade da información - Realízanse observacións e comentarios construtivos no traballo dos iguais. 	
Valor de partida: (3)	(0) Non se crea contido dixital contrastando as fontes de información, nin se valora o producido polos iguais.	
Valor previsto e data: (4)	Elaborase no 70% das áreas ou materias contido dixital, contrastando as fontes de información e valorando o dos iguais.	Fin do 2º Trimestre

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Preparación no marco do PDI e nas áreas de contidos dixitais.	Profesorado de área ou materia.	1º Trimestre	-Ordenadores de sobremesa -Genially, Quizizz, Thinglink, Scratch...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Organización na aula virtual do material elaborado no 1º trimestre.	Profesorado de área ou materia.	2º Trimestre	-Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Presentación e emprego na aula do material preparado no 1º trimestre polo alumnado.	Profesorado de área ou materia.	2º -3º Trimestre	-Aula virtual e Encerado Dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Equipamento	3 ordenadores de sobremesa, un deles con dous monitores.	Os 3 equipos están obsoletos. Son do ano 2008, con windows 8. Non soportan actualización a windows 10.	Actualización destes medios informáticos a servizo do alumnado para no marco da biblioteca escolar: (1 equipo con 2 monitores) manexo da radio escolar, (un 2º equipo) deseño en 3d para a impresora 3d, e (un 3º equipo) creación de contidos dixitais para profesorado e alumnado.
	1 monitor interactivo	A obsolescencia da antiga pizarra dixital da biblioteca con problemas de calibración, proxección difusa e ausencia de audio.	Actualización dese medio informático da biblioteca, para difundir, presentar e compartir os contidos dixitais creados no marco dos obxectivos.

4. Avaliación do plan

O desenvolvemento do presente Plan Dixital no vindeiro curso escolar 2022-2023, requirira dun procedemento que garanta o seu seguimento, o cal se levará a cabo a dous niveis:

- Avaliación procesual: unha vez ao trimestre valorarase o estado da execución das accións programadas para o alcance dos obxectivos, así como, de ser o caso, os resultados que se vaian alcanzando e de ser preciso as posibles modificacións e propostas de mellora.
- Avaliación final: unha vez ao ano, e máis concretamente, ao remate das accións fixadas, levarase a cabo unha valoración e revisión do logro dos obxectivos programados, para incorporar nunha nova versión as melloras desenvolvidas na fase anterior e incorporar novas liñas de actuación.

5. Difusión do plan

A última fase tralo deseño do Plan Dixital, corresponde coa difusión do mesmo, polo que será compartido na web do centro coa comunidade educativa.

Así mesmo e atendendo á normativa vixente (Resolución do 3 de setembro de 2021) o Plan Dixital será levado no último trimestre do curso 2021-2022 a Consello Escolar para a súa aprobación, unha vez oído o Claustro.

Abegondo, xuño de 2022

MARÍA JESÚS HOMBRE BARBEITO, SECRETARIA DO CEIP PLURILINGÜE "SAN MARCOS" DE ABEGONDO (A CORUÑA)

CERTIFICO: Que este Plan Dixital foi informado polo Claustro de Profesores (reunión ordinaria do 29 de xuño) e aprobado polo Consello escolar en reunión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2021.

O que asino con Visto e Prace da Directora, en Abegondo a vintenove de xuño de dous mil vinteun.

Vº e prace

A DIRECTORA



Asdo.: Gloria Rodríguez Doel



A SECRETARIA



Asdo.: María Jesús Hombre Barbeito